



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 24 DE NOVEMBRO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia.

2.- CONTRATACIÓN. Referencia: CON/43/2019

PRÓRROGA DA prestación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de ingresos, padrón de habitantes e notificacións do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase a prórroga do contrato subscrito por este Concello coa empresa T-SYSTEMS IBERIA SAU para a prestación do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión de ingresos, padrón de habitantes e de notificación do Concello de Santiago de Compostela, por un período máximo dun ano a contar dende o 25 de novembro de 2020, ou, en todo caso, ata a entrada en vigor da fase de mantemento da solución de administración electrónica, tendo en conta que se trata de servizos excluíntes e proporcionados polo mesmo provedor.

O gasto necesario financiarase con cargo á aplicación 030 92001 2279904, dacordo co seguinte desglose por anualidades e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario:

- Anualidade 2020: 0 euros.
- Anualidade 2021: 37.659,39 euros.